

NOTA DE PRENSA

“O LAPIS MÁXICO”

A ilustración de libros infantís no Reino Unido na actualidade

DATAS:	2 de xullo - 12 de setembro de 2004
LUGAR:	Laboratorio das Artes (primeiro andar)
HORARIO MUSEO:	martes a domingo (festivos incluídos): de 11.00 a 21.00
Horario talleres didácticos:	martes a venres, de 12.00 a 14.00
COMISARIO:	Quentin Blake
DIRECTORA MARCO:	Carlota Álvarez Basso
XEFE EXPOSICIÓNS:	Iñaki Martínez Antelo
COORDINACIÓN:	MARCO de Vigo. Departamento de Exposicións (Marta García Viña) e Departamento Didáctico (Marta Viana Tomé)
PRODUCCIÓN E PATROCINIO:	The British Council

ITINERANZA:

A mostra é unha **selección en versión facsímil** das obras orixinais contidas na exposición “Magic Pencil”, que se exhibiu no Reino Unido durante 2002-2003, na Laing Art Gallery de Newcastle e na British Library de Londres, e que a partir de 2004 iniciou a súa itineranza por distintos países de Europa:

- España: Madrid, Biblioteca Nacional, xaneiro-marzo 2004
- Italia: Galleria d'Arte Moderna, Bolonia, abril 2004
- Holanda: Gemeentemuseum, Helmond, setembro 2004
- Polonia: Centrum Kultury, Poznan, outubro-novembro 2004
- Bélxica: Musée des Bandes Dessinées, Bruxelas, decembro 2004-febreiro 2005

Pola súa banda, esta selección facsímil visitará preto de 50 países entre 2003 e 2005.

ARTISTAS PARTICIPANTES: 13

- Angela Barrett (Reino Unido, 1955)
- Patrick Benson (Reino Unido, 1956)
- Stephen Biesty (Reino Unido, 1961)
- Quentin Blake (Reino Unido, 1932)
- Raymond Briggs (Reino Unido, 1934)
- John Burningham (Reino Unido, 1936)
- Emma Chichester Clark (Reino Unido, 1955)
- Lauren Child (Reino Unido, 1967)
- Sara Fanelli (Italia, 1969)
- Michael Foreman (Reino Unido, 1938)
- Tony Ross (Reino Unido, 1938)
- Posy Simmonds (Reino Unido, 1945)
- Charlotte Voake (Reino Unido, 1957)

NÚMERO DE OBRAS NA EXPOSICIÓN: 63

A exposición consta dunha selección de 63 litografías e gravados dixitais de importantes ilustradores de libros infantís, así como dunha colección de libros de contos infantís e xuvenís, e dunha proxeción de vídeo con extractos de varias películas baseadas en libros dalgúns dos ilustradores presentes na exposición.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

A exposición complementábase cun programa educativo –deseñado en cooperación coa British Library, Kingston University, e University of Surrey Roehampton– que forma parte integrante da mostra. Ademais das visitas guiadas para adultos, o programa baséase en varios tipos de actividades para público infantil de diferentes idades: contacontos, obradoiros de técnicas de ilustración, reflexión sobre a imaxe como narración, obradoiros de creación de personaxes, tiras cómicas, animación á lectura, diálogos sobre o poder da imaxe como transmisora de emocións, etc.

Ademáis, en colaboración coas entidades organizadoras da Feira do Libro en Vigo e como actividade complementaria da exposición, o sábado día 3 de xullo os educadores do MARCO trasladaranse á Praza de Compostela, en horario de 11.00 a 14.00, para participar no proxecto “Biblioteca aberta”, coa posta en marcha dun obradoiro infantil baixo o lema “Ilustrar tamén é crear”.

CATÁLOGO:

O catálogo que acompaña á exposición, coeditado no ano 2002 por The British Council e The British Library con motivo da exhibición da mostra na Laing Art Gallery de Newcastle e a British Library de Londres, contén textos de presentación de Andrea Rose (Director de Artes Visuais do British Council), Quentin Blake (comisario da exposición) e Joanna Carey, e textos autobiográficos de cada un dos artistas participantes, ademais de reproducións das obras en exposición e lista de libros nas que as devanditas ilustracións foron publicadas.

SOBRE O COMISARIO:

Quentin Blake (Reino Unido, 1932), é un dos máis coñecidos autores e ilustradores de libros infantís. Ilustrou arredor de 250 libros de 80 autores diferentes, ademais das súas propias historias. Os seus traballos de máis sona como ilustrador asócianse cos libros de Roald Dahl. Os seus libros obtiveron numerosos premios e en 2002 gañou o International Hans Christian Andersen Award for Illustration. En 1988 Quentin Blake foi nomeado Cabaleiro do Imperio Británico e en 1999 converteuse no primeiro “Autor Laureado” para nenos.

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO:

Por vez primeira no MARCO de Vigo, o espazo do Laboratorio das Artes do primeiro andar, habitualmente adicado ás actividades didácticas e programa educativo para escolares, é ocupado por unha exposición temporal. Cun obxectivo principalmente didáctico, a versión facsímil da mostra “O Lapis Máxico”, producida por The British Council, é o punto de partida para un programa de visitas guiadas e obradoiros infantís que estarán en marcha no MARCO durante os meses de xullo e agosto.

Esta exposición amosa un total de 63 litografías e gravados dixitais de obras dos ilustradores máis salientables e innovadores do Reino Unido, conforme á selección feita polo coñecido autor e ilustrador de libros infantís Quentin Blake.

A ilustración non precisa de tradución, pero o feito de vela a unha escala diferente, a cotío sen texto, con cores máis vivas e pendurada dunha parede, supón mirala baixo outra lus. En Gran Bretaña existe unha longa tradición no deseño innovador de libros e na ilustración, e a obra de anteriores xeracións de ilustradores é coñecida e apreciada en todo o mundo. *O Lapis Máxico* amosa como os ilustradores actuais reflicten as preocupacións contemporáneas con idéntica forza e orixinalidade; e demostra tamén, de xeito incuestionable, que vivimos unha segunda idade dourada da ilustración británica.

Moitos dos nomes dos artistas incluídos na mostra resultan familiares, como é o caso de Raymond Briggs, Tony Ross, John Burningham ou Michael Foreman. Outros son representativos doutras tendencias máis innovadoras na ilustración de libros, como Lauren Child, que integra o uso da televisión e das colaxes fotográficas, ou Sara Fanelli, que mestura de xeito experimental diferentes técnicas, ou a fusión da observación social e os textos de Posy Simmonds.

Algúns autores tratan temas que a miúdo non se consideran propios da literatura infantil. Por exemplo, a obra *War Boy*, de Michael Foreman, que recolle as súas experiencias de neno en Suffolk durante a Segunda Guerra Mundial. Outras obras son ilustrativas das excelentes habilidades técnicas contemporáneas neste campo da ilustración infantil: é o caso das ilustracións de Quentin Blake, os debuxos de Stephen Biesty, ou a obra de Angela Barrett, unha pre-rafaelita de hoxendía.

Un elemento fundamental desta mostra é o seu carácter aberto e participativo. O programa educativo que a acompaña e a complementa –deseñado pola British Library, Kingston University e University of Surrey Roehampton, e coordinado polos educadores do MARCO– está dirixido ao público infantil e aos seus acompañantes adultos, a fin de que podan experimentar con todos os elementos disponibles na exposición: libros, ilustracións, proxecións, actividades didácticas, etc., tendo sempre en conta a idea básica: un lapis é sempre máxico.

O Lapis Máxico é unha oportunidade única para explorar a arte e a literatura, para reflexionar sobre o traballo dos ilustradores e sobre a súa interpretación das historias infantís, e para descubrir como é un gran medio de expresión para nenos e adultos de todas as condicións e culturas.

NOTAS BIOGRÁFICAS DOS AUTORES:

Angela Barrett

O primeiro libro de Angela Barrett, *The King, the Cat and the Fiddle* (1983), foi escrito por Sir Yehudi Menuhin e Christopher Hope. Desde entón ten ilustrado numerosos libros para nenos e adultos. En 1988 obtivo o Nestlé Smarties Book Prize por *Can It Be true?*. O seu libro *The Hidden House* gañou en 1991 o WH Smith Illustration Award. Os seus libros están exquisitamente debuxados e pintados, cun estilo case pre-rafaelita.

Patrick Benson

Ademais dos seus propios libros, Patrick Benson é ilustrador de máis de 20 títulos de diferentes autores, incluíndo a Roald Dahl. *The Sea-Thing Child*, escrito por Russel Hoban e ilustrado por Benson, foi o gañador do National Art Illustration Award en 2000. O seu traballo reflicte a súa formación artística clásica na observación coidadosa e as representacións realistas de animais, especialmente peixes e paxaros, na tradición máis puramente británica.

Stephen Biesty

Stephen Biesty está interesado nas reconstrucións históricas, que lle permitiron ilustrar unha grande variedade de libros para adultos e nenos, incluído o éxito de vendas *Incredible Cross-Sections*, ilustracións que lle levaron dous anos de traballo. Este libro inspirou unha grande cantidade de títulos da mesma serie, cos detalladísimos debuxos de Biesty.

Quentin Blake

As súas primeiras viñetas realizounas para a revista *Punch*, cando aínda estaba no colexio. Despois estudou Literatura Inglesa en Cambridge e máis adiante Pedagogía na Universidade de Londres, polo que non recibiu formación de ilustrador ata que rematou os estudos e comezou algúns cursos na Escola de Artes de Chelsea. A súa vida cambiou cando coñeceu a Brian Robb, que lle conseguiu un posto de profesor na Royal College of Art, na que traballou durante vinte anos.

Raymond Briggs

Raymond Briggs escribe e ilustra os seus propios traballos, que adoitan ter un gran sentido do humor, e neles non se morde a lingua. Os seus exitosos traballos en tiras ilustradas inclúen *Father Christmas* (1973), gañador dunha Kate Greenaway Medal, e *The Snowman* (1978). Algunhas destas historias teñen unha forte vea pesimista, aínda que sempre existe unha grande tenrura nos personaxes. As súas obras inclúen a sátira anti-nuclear *When the Wind Blows* (1982) e *Ethel and Ernst* (1998), baseado nas vidas de seus pais.

John Burningham

John Burningham foi gañador da Kate Greenaway Medal en dúas ocasións, inicialmente polo seu primeiro libro *Borka: The Adventures of a Goose with no Feathers* (1963). Emprega un amplo abano de técnicas, desde rápidos bosquejos arañados sobre cera, á colaxe ou a fotografía. Ademais de escribir os seus propios libros, John Burningham ten ilustrado tamén os clásicos *Chitty Chitty Bang Bang* e *The Wind in the Willows*.

Lauren Child

Lauren Child utiliza unha mestura de debuxo, pintura, fotografía e colaxe para producir un caótico e urbano retrato da vida familiar. Está interesada na vida cotiá dos nenos, aínda que ás veces inclúe elementos de fantasía. O seu primeiro libro *Clarice Bean, That´s Me!* obtivo a medalla de bronce no Nestlé Smarties Book Prize de 1999, e en 2000 gañou a Kate Greenaway Medal por *I Will Not Ever Eat a Tomato*.

Emma Chichester-Clark

Emma Chichester-Clark traballa como ilustradora de libros infantís e para adultos desde 1983. En 1988 obtivo o Mother Goose Award como artista revelación na ilustración infantil por *Listen to This*. A obra de Emma ten ledicia de vivir e moita sorna, e o seu traballo con lapis e tinta acadou riqueza e profundidade de colorido.

Sara Fanelli

Sara Fanelli axiña amosou interese pola colaxe, e utiliza todo tipo de elementos diferentes nas súas pinturas, desde envoltorios de caramelos a arroz ou espaguetis, cun uso non convencional da tipografía. Gañou o National Art Library Illustration Award en catro ocasións e é deseñadora dun dos selos do milenio para Correos.

Michael Foreman

Michael Foreman ten ilustrado arredor de 170 libros. Vinte deles foron escritos por el mesmo, sobre temas que van desde o mundo dos dinosaurios ás súas propias experiencias como neno que creceu en tempos de guerra. Gañou numerosos premios, incluíndo a Kate Greenaway Medal, o Nestlé Smarties Book Prize e a Aigle d´Argent no Festival International du Livre en Francia.

Tony Ross

Desde a publicación de *Goldilocks and the Three Bears* en 1976, que foi considerado un dos mellores libros do ano, Tony Ross ilustrou preto de 250 libros. Nos seus traballos presenta a cotío rapazas novas con carácter e unha gran forza de vontade. Tony é gañador de moitos premios, incluíndo o Dutch Silver Pencil Award en 1987 por *I Want my Potty*, o seu favorito entre os seus propios libros.

Posy Simmonds

Posy Simmonds é probablemente a máis coñecida dos debuxantes de tiras cómicas do xornal *The Guardian*. Comezou en 1972 cos seus mordaces debuxos sobre a parella de esquerdas de clase media formada por George e Wendy Weber. Utiliza o formato de tiras cómicas tanto para libros infantís como para adultos, como na súa recente obra *Gemma Boverly*, unha revisión da *Madame Bovary* de Flaubert. Foi declarada Cartoonist of the Year e en 2002 foi galardoada cun MBE.

Charlotte Voake

Charlotte Voake non recibiu unha educación artística formal, pero sempre quixo ser ilustradora, e o seu primeiro libro, *The New Red Bike*, foi publicado cando aínda estudiaba Historia da Arte na Universidade de Londres. O seu libro *Ginger* gañou a medalla de ouro na categoría para menores de 5 anos do Nestlé Smarties Book Prize en 1997. A obra de Charlotte é lixeira, pero produto dunha coidadosa observación.